



O Parque Natural

Do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

Excelente exemplo de complexo de barra-lagoa litoral, cun extenso sistema dunar en avanzado estado de evolución, de gran valor natural e paisaxístico. Constitúe probablemente a mellor e máis extensa representación deste tipo de ambientes no noroeste de España e alberga unha gran variedade de tipos de hábitat en bo estado de conservación nun espazo relativamente reducido.

Cunha superficie de 996,25 hectáreas, o Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán sitúase no extremo occidental da península do Barbanza, entre a Ría de Arousa e a de Muros e Noia, no concello coruñés de Ribeira. Foi declarado o 5 de xuño do 1992.



Solos, relevo e hidroloxía

A fronte actual do Parque Natural constitúea unha serie de praias areosas (A Ladeira-Ferreira, A Lagoa, O Vilar, Anguieiro) que, en conxunto, se estenden ao longo duns 5 km, e nas que aparecen algúns baixíos rochosos. Estes areas dan paso cara ao interior a varios sistemas dunares ben estruturados, nos que se inclúen diferentes cordóns de dunas primarias e secundarias, extensos campos de dunas semifixadas, chairas eólicas, dunas remontantes estabilizadas e varios tipos de corredores e depresións de deflación eólica. Tras a praia da Ladeira, ao norte do espazo natural, encóntrase unha gran duna móbil, de preto de 1 km de lonxitude, ata 250 m de anchura e unha altura duns 15 m; esta duna avanza impulsada polos ventos do suroeste cara ao interior en lento e constante movemento. As

Descrición

O conxunto xeolóxico do Parque Natural formouse hai 12.000 a 15.000 anos, no Cuaternario. A erosión e a acumulación de área polo vento orixinou unha barreira areosa que pechou unha primitiva baía. Formouse así unha masa de auga encorada, que foi colmatando progresivamente por sedimentos traídos polo vento e os ríos, perdendo profundidade e dando lugar á actual zona húmida do Carregal, que quedou comunicada co mar mediante pequenas canles e constituíu o que actualmente é unha lagoa litoral semipechada. Os seus fondos máis superficiais, formados por limos e areas e sometidos á oscilación do nivel da auga debida ás mareas e ás chuvias, evolucionaron ata formar a actual marisma, poboada por plantas adaptadas ao réxime periódico das mareas e á variable salinidade de augas e solos.

Clima

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia ántabroatlántica, e adscíbese ao sector galaicoportugués. Dominio climático oceánico híperhúmido (en transición a oceánico húmido con tendencia á aridez estival), cunha precipitación media anual de arredor dos 1.244 mm, temperatura media de 14,6 °C e ausencia total de xeadas. O rango altitudinal é de 0-73 m sobre o nivel do mar.



barras dunares separan do mar dúas interesantes zonas húmidas: a lagoa e marisma do Carregal, que se prolonga na lagoa de Artes, e a lagoa de Vixán, ao sur da zona. No Carregal conflúen varios cursos de auga (Longo, Sirves, Artes e Cidade) e mantén contacto co mar mediante unha canle natural de desaugue, pola que se ve sometido regularmente ás mareas e mantén vexetación halófila, aparecendo diferentes tipos de salgas e xunqueiras. A lagoa de Vixán, por contra, está illada normalmente do mar, e as súas augas son doces ou debilmente salobres, o que facilita o desenvolvemento dun amplo cinto de vexetación halofítica, con dominio da carriceira. O espazo natural vese completado por pequenos tramos de costa rochosa baixa nos seus extremos setentrional e meridional (Corrubedo, punta Corbeiro), piñeirais de repoboación (en gran parte sobre terreos areosos), áreas cultivadas e, xa fóra dos seus límites, unha ampla baía mariña.

Vexetación

O catálogo da flora do parque rolda os 250 taxons, o que representa unha cifra moi importante tendo en conta a especificidade ecolóxica deste tipo de medios, e inclúe un gran número de endemismos do noroeste ibérico e numerosos taxons ameazados na nosa Comunidade Autónoma.



Cebola das gaivotas (Pancratium maritimum L.)

As praias e os sistemas dunares albergan unhas 200 especies de plantas con flor, algunhas incluídas nos catálogos de plantas endémicas, raras ou ameazadas de España ou cun valor singular. Aínda que a vexetación de cabeceira de praia e das primeiras fronteas dunares (dunas primarias e secundarias) está moi ben representada, destaca especialmente a vexetación propia das dunas terciarias e das dunas estabilizadas, localizada nas zonas máis ou menos afastadas do mar e máis protexidas, e composta por un complexo mosaico no que dominan especies anuais e pequenos arbustos e algunhas plantas herbáceas, que a miúdo medran sobre unha densa alfombra de brións e líques. Entre os moitos taxons propios destes medios cabe mencionar os endemismos *Iberis procumbens subsp. procumbens*, *Alyssum loiseleuri*, *Silene scabriflora subsp. gallaecica*, *Viola kitaibeliana var henriquesi*, *Linaria polygalifolia* e *Omphalodes littoralis subsp. gallaecica* (esta última moi rara ou posiblemente desaparecida).

Nas depresións húmidas e pradarias areosas de trasduna aparecen varias especies de orquídeas, algunhas recollidas no anexo II da *Directiva Hábitats*, como *Epipactis palustris* e *Spiranthes aestivalis*.

Acorde coa presenza de diferentes tipos de zonas húmidas, con diferentes salinidades, a vexetación de marismas é tamén moi diversa. Na lagoa do Carregal e Artes, con influencia diaria das augas mariñas, predomina a vexetación de marismas e xunqueiras salobres,

nas que abundan *Puccinellia maritima*, *Salicornia ramosissima*, *Sarcocornia perennis*, *Halimione portulacoides*, *Juncus maritimus*, *Limonium dortii* (en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas) entre moitas outras adaptadas aos solos lamacentos intermareais.

Pola contra, na lagoa de Montevixán e no sistema de charcas e pradarias inundables



Xunco marítimo (Juncus maritimus LAM.)

anexo, a influencia das mareas é nula ou excepcional, de xeito que as formacións de carrizo (*Phragmites australis*), entre outros tipos de vexetación ligados á auga doce ou debilmente salobre, ocupan as súas augas e beiras de forma maioritaria. É de remarcar a presenza de *Scirpus pungens* (especie en perigo segundo o Libro vermello da flora vascular española), *Spergularia australis* (endémica galaico-portuguesa), *Centaurium scilloides*, *Ranunculus ophioglossifolius*, *Suaeda albescens*, *Triglochin bulbosa subsp. barrelieri* todas elas singulares e sometidas a diferentes niveis de ameaza.

Nos solos máis evolucionados que rodean o complexo litoral, así como sobre dunas fixadas, desenvólvese un bosque de repoboación de piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*) e piñeiro insigne (*Pinus radiata*), baixo o que se dá un sotobosque de feitos, toxos, uces e xestas.

Fauna

As especiais condicións biolóxicas deste ecosistema litoral convérteno na principal área de cría dun gran número de especies de invertebrados e peixes que habitan na costa circundante, polo que a riqueza da pesca comercial nas augas próximas depende en gran parte do normal desenvolvemento das súas larvas na lagoa do Carregal.



Robaliza (Dicentrarchus labrax L.)

Entre a rica fauna de invertebrados terrestres hai que destacar a presenza dalgunhas especies ameazadas, como o odonato (*Coenagrion mercuriale*), o cerambícido (*Cerambyx cerdo*) ou o carábido (*Zabrus pinguis*).


Anfibios e réptiles constitúen un dos valores salientables do parque natural. Así, pódense encontrar 10 especies de anfibios das 14 existentes en Galicia (71%) e 14 especies de réptiles das 20 presentes no territorio autonómico (70%), na súa maioría ligadas a dunas, depresións húmidas e matogueiras. Destaca a presenza de especies de filiación mediterránea, como o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*), o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*), e varios exemplares do réptil máis ameazado de Galicia, o sapoconcho común (*Emys orbicularis*), en perigo de extinción.

As especies de aves son poucas pero moi diversas, en consonancia coa variedade de hábitats, albergando regularmente especies infrecuentes ou de distribución moi localizada. Son particularmente destacables as poboacións nidificantes, en areas e dunas, de dúas especies de limícolas ameazadas en Galicia: o alcaraván común (*Burhinus oedipnemus*) que ten aquí un dos seus poucos puntos de cría e o único situado actualmente na costa (ata 8 parellas), e a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) cuxo núcleo é o segundo en importancia na Comunidade



Autónoma. Fóra da época de nidificación, aves rapaces como a gatafornela (*Circus cyaneus*), o falcón paxareiro (*Falco columbarius*), ou a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*) déixanse ver polo espazo.

As marismas e praias albergan pequenos continxentes de limícolas invernantes, entre os que destaca a gabita euroasiática (*Haematopus ostralegus*), e o pilro tridáctilo (*Calidris alba*), aínda que esta e outras especies son moito máis abundantes en migración. Ademais de acoller moderadas cantidades de anátidas (arredor de 500 exemplares, principalmente de cerceta común (*Anas crecca*), pato cinsento (*Anas strepera*), pato cullerete (*Anas clypeata*), e pato cristado (*Aythya fuligula*) e outras aves nadadoras, as lagoas, e en particular a de Vixán, dan acubillo a especies nidificantes e invernantes infrecuentes ou localizadas, como a garza pequena (*Ixobrychus minutus*), a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), e varios paxariños, como a ameazada en perigo de extinción, escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus subsp. lusitanica*). Varias especies de mamíferos teñen nos piñeirais, matogueiras e medios agrícolas da periferia e o contorno do espazo natural as súas áreas principais para campar, e algunhas intérnanse de maneira habitual na zona marítimo-terrestre. Son frecuentes o raposo (*Vulpes vulpes*), o teixo (*Meles meles*), o ourizo (*Erinaceus europaeus*), o esquiú (*Sciurus vulgaris*), o xabaril (*Sus scrofa*) e distintas especies de morcegos. A lontra (*Lutra lutra*) mantén unha presenza común. Por último, nas augas próximas á costa non é raro divisar a trasfega de golfinhos (*Tursiops truncatus* e *Delphinus delphis*), marsopas (*Phocoena phocoena*) e outros cetáceos.





Dolmen de Axeitos

Patrimonio cultural

Na zona do Vilar atópase o conxunto etnográfico dos Muíños de Amendo, onde podemos visitar dous completamente restaurados, o de Cochás e o de Inasia. O primeiro deles alberga un forno de leña onde se cocía o pan. Nas aldeas da contorna do parque existen numerosos hórreos, fontes e algunhas capelas de interese.

Os dous elementos arqueolóxicos máis salientables nas inmediacións do parque natural son a mámoa denominada o Túmulo de Pipín, a representación máis antiga da presenza humana no contorno do parque e o Dolmen de Axeitos, xa fóra dos límites do parque.

Entre a lagoa de Carregal e o mar hai unha duna vexetada por árbores, cuberta de piñeiros bravos. A este lugar chámalle nos arredores o “forno da tella”, debido a que baixo os piñeiros se atopa un forno deste tipo, moi común na zona. Despois do seu abandono foi cuberto pola area e a vexetación, e hoxe en día pasa desapercibido.



Accesos

A partir das estradas C-550 (Noia-Santa Uxía de Ribeira ou Padrón-Santa Uxía de Ribeira) ou da Vía Rápida VRG-111, continuando logo pola estrada DP-7304 e logo DP-7302 (que leva ao Centro de Recepción de Visitantes).